

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

ANUNCIO do 23 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, polo que se notifican as resolucións ditadas no procedemento BS403B (expediente 2021-00011703 e dous máis).

Logo de tentar en tempo e forma a práctica da notificación dos actos que se relacionan no anexo sen que fose posible por causas non imputables á Administración, e tendo en conta que a publicación do seu contido íntegro pode lesionar dereitos e intereses lexítimos, en virtude do disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificanse a través deste anuncio as resolucións ditadas nos procedementos de conformidade co establecido na Orde do 28 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas/os en situación de garda con fins adoptivos no ano 2021, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403B), publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 11, do 19 de xaneiro de 2021.

Para estes efectos, emprázanse as persoas interesadas que figuran no dito anexo, por si ou a través da persoa que as represente legalmente, para que comparezan no prazo máximo de dez días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, no Servizo de Conciliación Familiar da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Edificio Administrativo San Caetano, 8B, 15781 Santiago de Compostela), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres; terán á súa disposición os expedientes para coñeceren o contido íntegro do acto que se notifica.

Se as persoas interesadas non comparecen no dito prazo, a notificación entenderase producida o día do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a notificación quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Advérteselles que as resolucións ditadas nestes procedementos esgotan a vía administrativa e que contra elas, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, se pode interpoñer o recur-



so contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, efectuada por comparecencia. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderase interpor o recurso de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, efectuada por comparecencia.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Jacobo Rey Sastre
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Resolucións denegatorias (procedemento BS403B)

Nº de expediente	Persoa interesada DNI/NIE/pasaporte	Acto administrativo e data
BS403B-2021-00011703	77974033P	Resolución do 10.3.2022
BS403B-2021-00012658	34298369X	Resolución do 7.4.2022
BS403B-2021-00013478	AAG583354	Resolución do 7.4.2022

